



## Concello de Sarria

Nº de expediente: 2350/2023

### DECRETO DO SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE SARRIA DON CLAUDIO MELQUIADES GARRIDO MARTINEZ

Vista a proposta de Bases da Concellería de ÁREA DE ACCIÓN CULTURAL CENTROS SOCIOCULTURAIS, XUVENTUDE, POLÍTICA LINGÜÍSTICA, de data 7 de decembro de 2023, para a organización da **III EDICIÓN DO CONCURSO DE DESEÑO DE POSTAIS DE NADAL 2023**.

Vista a fiscalización favorable da Intervención Municipal no Informe de Intervención número 2023/0496, de data 7 de decembro de 2023.

Tendo en conta que a adxudicación dos premios estará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no exercicio 2023.

Por todo o exposto e considerando a competencia da Alcaldía en materia de disposición de gastos e ordenación de pagamentos de acordo cos arts. 21.1.f) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 41.17 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

#### RESOLVO:

**Primeiro.- Aprobar as bases reguladoras para a participación na III EDICIÓN DO CONCURSO DE DESEÑO DE POSTAIS DE NADAL 2023.**

#### PRIMEIRO. REQUISITOS PARA A PARTICIPACIÓN.

A) Participantes: Poderán participar todas as persoas residentes no Concello de Sarria de entre 3 e 18 anos.

B) Características das obras:

1. Deberán de estar feitas con marcado carácter do Nadal.

2. Os traballos presentados deberán ser orixinais e ser confeccionadas polas persoas concursantes.

3. A elaboración será libre, podendo usar calquera método ou técnica e calquera tipo de material ou elemento decorativo, incluído material de refugallo ou produto da propia natureza; respectando sempre o formato de felicitación de Nadal.

#### SEGUNDO. MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN.

A participación farase de forma individual, tendo que ser firmada a inscrición polo pai, a nai ou titor ou titora legal dos participantes menores de idade.

#### TERCEIRO. INSCRICIÓN.

A) Presentación, lugar e data de inscrición: A inscrición é gratuíta e formalízase na Biblioteca Pública Municipal de Sarria “Camilo Gonsar”, entregando a felicitación nun sobre pechado, xunto co formulario de inscrición (anexo I) adxunto a estas bases, debidamente cumprimentado.

Tanto as postais como as inscricións entregaranse ente os días 11 e 22 de decembro de 2022 (ambos incluídos), en horario de 9:30h a 13:30h e de 16:00h a 20:30h na propia biblioteca.

As bases do concurso e o formulario de inscrición tamén poderán ser descargados na páxina web





## Concello de Sarria

---

oficial do Concello de Sarria [www.sarria.es](http://www.sarria.es) e na sede electrónica: <https://sarria.sedelectronica.es>

B) Aceptación das bases: Tódolos participantes no concurso, polo simple feito de participar, aceptan as bases deste concurso e as normas que rexen a súa participación.

C) O Concello adquire os dereitos de reprodución e exposición das obras presentadas, as cales serán expostas no interior dos edificios municipais.

### CUARTO. PREMIOS.

Establécense os seguintes premios, repartidos en tres categorías:

#### 1ª CATEGORÍA: DE 3 A 6 ANOS.

1º Premio: tarxeta regalo por importe de 250 €.

2º Premio: tarxeta regalo por importe de 200 €.

3º Premio: tarxeta regalo por importe de 100 €.

#### 2ª CATEGORÍA: DE 7 A 12 ANOS.

1º Premio: tarxeta regalo por importe de 250 €.

2º Premio: tarxeta regalo por importe de 200 €.

3º Premio: tarxeta regalo por importe de 100 €.

#### 3ª CATEGORÍA: DE 13 A 18 ANOS.

1º Premio: tarxeta regalo por importe de 250 €.

2º Premio: tarxeta regalo por importe de 200 €.

3º Premio: tarxeta regalo por importe de 100 €.

As tarxetas regalo soamente poder ser utilizadas en establecementos do Municipio de Sarria.

### QUINTO. XURADO E VALORACIÓN

O xurado que designe a obra gañadora, estará formado por persoas con coñecementos artísticos.

Na selección de traballos presentados valorarase positivamente a orixinalidade, a innovación, o deseño, a calidade da obra, a transformación de materiais e a dificultade na elaboración, así como a estética do conxunto, ademais de outros criterios, que con arranxo ao seu saber e entender deban ser tidos en conta.

### SEXTO. COMUNICACIÓN DOS GAÑADORES

Chamarase telefonicamente a cada un dos premiados para comunicarlles o premio obtido e a forma e data da entrega. Publicarase o nome dos premiados na páxina web do Concello e nas redes sociais.

### SÉTIMO. OUTROS

Todas as dúbidas, problemas e queixas que se susciten na interpretación destas bases resolveranse directamente polo Concelleiro Delegado.

**Segundo.-** Publicar as Bases da **III EDICIÓN DO CONCURSO DE DESEÑO DE POSTAIS DE NADAL 2023.** no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica.





## Concello de Sarria

---

En Sarria, a data da sinatura dixital ao marxe.

Cod. Validación: 3XF069DAH2LRWIKHNGJWNP7ZX  
Corrección: <https://sarria.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 5






## Concello de Sarria

### ANEXO I

#### III EDICIÓN DO CONCURSO DE DESEÑO DE POSTAIS DE NADAL 2023

DATOS DA/O PARTICIPANTE	
Apelidos e nome	
NIF ou NIE	
Data de nacemento	
Teléfono	
Correo electrónico	
Enderezo	
AUTORIZACIÓN MENORES DE 16 ANOS. DATOS NAI, PAI OU TITOR/A.	
Apelidos e nome	
NIF ou NIE	
Teléfono	
Correo electrónico	
En calidade de	
<b>AUTORIZO Á PARTICIPACIÓN. A firma desta inscrición supón o coñecemento e aceptación expresa das bases.</b> Sarria, _____, de _____ de 2023. SINATURA:	
* NÚMERO DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE DESEÑO E DECORACIÓN DE POSTAIS DE NADAL	

\* A cumprimentar pola organización no momento da inscrición.





## Concello de Sarria

**Fun informada/o de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas.**

### Información básica sobre protección de datos.

Responsable	Concello de Sarria.
Finalidade	Tramitar procedementos e actuacións administrativas.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.
Destinatarios	Cederanse os datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento de Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección <a href="https://sarria.sedelectronica.es/privacy">https://sarria.sedelectronica.es/privacy</a>

### FIRMA

**PRESTA O SEU CONSENTIMENTO** para que a entidade realice consultas dos datos do solicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación.

Sarria, \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 2023.

SINATURA:

